

As cifras da lingua hoxe. Comentarios á enquisa sobre coñecemento e uso do galego (2010)

*Galician language's figures today:
comments on the survey about the knowledge and use of Galician (2010)*

Diego MUÑOZ CARROBLES

Universidad Complutense de Madrid

dmcarrobles@filol.ucm.es

[Recibido, abril 2010; aceptado, maio 2010]

RESUMO

Neste artigo faremos un comentario xeral dos resultados obtidos pola enquisa sobre coñecemento e uso do galego dirixida polo Instituto Galego de Estatística en 2010. Tentaremos de presentar, explicar e máis analizar estas cifras tendo en conta a bibliografía recente e outros datos sociolingüísticos de importancia; asemade observaremos a evolución sociolingüística comparando os resultados actuais cós da enquisa anterior, realizada en 2003.

PALABRAS CHAVE: lingua galega, sociolingüística, enquisa, normalización.

MUÑOZ CARROBLES, D., (2011): "As cifras da lingua hoxe. Comentarios á enquisa sobre coñecemento e uso do galego (2010)". *Madrygal (Madr)*, 14: 93-100.

RESUMEN

En este artículo haremos un comentario general de los resultados obtenidos por la encuesta sobre conocimiento y uso del gallego dirigida por el Instituto Gallego de Estadística en 2010. Intentaremos presentar, explicar y analizar estas cifras teniendo en cuenta la bibliografía reciente y otros datos sociolingüísticos de importancia; asimismo observaremos la evolución sociolingüística comparando los resultados actuales con los de la encuesta anterior, realizada en 2003.

PALABRAS CLAVE: lengua gallega, sociolingüística, encuesta, normalización.

MUÑOZ CARROBLES, D., (2011): "Las cifras de la lengua hoy. Comentarios a la encuesta sobre conocimiento y uso del gallego (2010)". *Madrygal (Madr)*, 14: 93-100.

ABSTRACT

In this paper we are going to make a general comment on the results arisen from the survey about knowledge and use of Galician language, directed by the Galician Institute for Statistics. We will try to present, explain and analyze these figures taking into account some recent publications and other important sociolinguistic data; we will also have a look at the sociolinguistic evolution, by comparing these results with the ones from 2003.

KEY WORDS: Galician language, sociolinguistic, survey, normalisation.

MUÑOZ CARROBLES, D., (2011): "Galician language's figures today: comments on the survey about the knowledge and use of Galician (2010)". *Madrygal (Madr)*, 14: 93-100.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Os resultados da enquisa. a) Entender o galego. b) Falar galego. c) Ámbitos comunicativos. d) A distribución do galego. 3. Algunhas reflexións sobre os resultados da *Enquisa...* 4. Bibliografía.

1. INTRODUCCIÓN

Entre as funcións e os labores realizados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) figura a realización da chamada “Enquisa de condicións de vida das familias” (ECVF), un estudo pormenorizado dalgúns aspectos sociais da poboación da Galiza. Nesta ocasión centrarémonos no apartado dedicado á lingua galega: ao seu coñecemento e uso entre a poboación galega que participou na enquisa. Os datos refírense ao 2008 aínda que fosen publicados dous anos despois, no 2010. Como dato anecdótico resaltaremos que a investigación lingüística teña lugar nunha enquisa sobre a vida familiar. Novamente asóciase lingua galega e familia: o galego resistiu durante séculos como variedade de comunicación no ámbito familiar e na maioría das casas galegas.

Cal é o valor dun traballo deste xeito? No eido da sociolingüística os datos estatísticos gozan dunha importancia de primeira orde. Se unha radiografía ou unha análise de sangue constitúen métodos fundamentais para detectar un problema de saúde e mais comezar un tratamento médico, unha enquisa estatística posúe o mesmo valor no noso contexto. Grazas aos resultados dos estudos sobre uso da lingua pódese valorar o estado de “saúde” social do idioma, a súa vitalidade, así como pór en funcionamento e implementar determinadas políticas en materia lingüística. Por exemplo, no caso galego, dispoñemos de datos recentes de 2003 e agora, de 2008: cinco anos poderían parecer moi poucos na historia social dunha lingua mais - se me permiten a comparación- un lustro no século XXI é testemuña de tantos feitos de importancia para a lingua coma un século na Idade Media. Por iso coidamos que un labor estatístico frecuente é de importancia capital no eido da lingua.

A nosa intención é resumir os puntos máis significativos da sección “Coñecemento e uso do galego” da ECVF: capacidade para falar e entender galego, ámbitos de uso da lingua, distribución dos falantes por idade e por áreas xeográficas. A partir destes resultados poderemos facer un diagnóstico aproximado do estado da lingua galega e tentaremos suxerir algunhas medidas

que na nosa opinión son necesarias en cada ámbito.

Qué esperamos nesta enquisa? Que poderíamos prognosticar antes de botarlle unha ollada aos resultados estatísticos? Interésanos ver se a situación de diglosia persiste: isto é, se o galego estase a utilizar máis nos contextos informais e familiares, mentres que o castelán sería a variedade empregada nos contextos formais e prestixiosos. Queremos comprobar cal é a saúde da lingua entre a mocidade: unha lingua que goza do sostén da xente nova ten o futuro garantido nas próximas xeracións; porén, un idioma falado maioritariamente pola poboación adulta o pola terceira idade e non pola mocidade afróntase a un proceso continuo e imparábel de substitución lingüística. No aspecto xeográfico observaremos se a asociación rural-galego, urbano-castelán fica aínda en pé. Tendo en conta a progresiva urbanización do territorio, o feito de os galegos falaren na lingua propia nas cidades e nas vilas supoñería unha dose de vitalidade para a lingua.

2. OS RESULTADOS DA ENQUISA

2. A) ENTENDER O GALEGO

O primeiro punto de interese deste traballo lévanos ás cifras referidas a comprensión do galego e á capacidade de o falar. Segundo a “Enquisa de condicións de vida das familias” o 66% dos informantes declaran entender “moito” o galego, isto é, dos terzos da poboación total. Esta cifra, que nos podería parecer moi elevada, resulta poren moito máis baixa da obtida na anterior enquisa, de 2003, na que máis dun 80% dos entrevistados declaraba este grao máximo de comprensión da lingua. Por provincias, A Coruña presenta a cifra máis alta, cun 76%, mentres que Pontevedra posúe a máis baixa, un 54%.

Provincia	%
A Coruña	76,43%
Lugo	66,37%
Ourense	62,08%
Pontevedra	54,70%
TOTAL GALICIA	66,02%

Táboa 1: Persoas segundo o grao de entendemento do galego: “moito”, por provincias.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Se nos referimos aos informantes que afirman non entender nada o galego o moi pouco, obtemos un resultado moi baixo, 5%, aínda que a cifra do 2003 era máis baixa, menos dun 3%. Por provincias, Pontevedra presenta o número máis alto de persoas que declaran non entender o galego, cun 7%; no extremo oposto situárase Lugo, cun 3'5%. Como podemos interpretar estes datos? Dunha banda temos uns resultados menos optimistas que os do 2003, aínda que nesta enquisa case un 95% declara entender bastante ou moito o galego: doutra banda a distribución xeográfica deixa a provincia de Pontevedra no último lugar, quizais pola masiva urbanización do territorio, arredor da zona metropolitana de Vigo. Quizais no caso desta cidade a presenza de inmigración chegada doutros países e tamén a poboación procedente do resto do Estado axudan a comprender a alta cifra de descoñecemento da lingua.

Provincia	%
A Coruña	4,13%
Lugo	3,52%
Ourense	3,72%
Pontevedra	7,69%
TOTAL GALICIA	5,21%

Táboa 2: Persoas segundo o grao de entendemento do galego: “pouco ou nada”, por provincias.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

2. B) FALAR GALEGO

No apartado da expresión oral analizaremos no primeiro lugar os datos referidos á cantidade de xente que afirma ser capaz de falar galego. En xeral a cantidade de entrevistados que din seren capaces de falar “moito” ou “bastante” en galego é moi elevada, e acada case o 90 % no conxunto da Galicia. Por provincias obteríamos unhas cifras moi similares, aínda que, coma xa dixéramos no apartado anterior, Pontevedra presenta o valor máis “baixo”, cun 85%.

Provincia	%
A Coruña	89,80%
Lugo	92,84%
Ourense	92,36%
Pontevedra	85,83%
TOTAL GALICIA	89,15%

Táboa 3: Persoas que saben falar en galego: “moito ou bastante”, por provincias.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

E se nos fixamos na cantidade de xente que non sabe falar “nada” galego, atopamos resultados ínfimos; cousa que, *a priori*, significaría o bo estado de saúde do que goza a lingua galega. Agora ben, xa podemos advertir ao lector avezado que o feito de seren capaces de falar galego non supón que a lingua sexa falada realmente. Entre a competencia e o uso existe unha delgada liña, ás veces infranqueábel.

Provincia	%
A Coruña	2,79%
Lugo	2,68%
Ourense	2,62%
Pontevedra	3,87%
TOTAL GALICIA	3,13%

Táboa 4: Persoas que saben falar en galego: “nada”, por provincias.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Vexamos agora a distribución destas porcentaxes totais por idades. Observamos neste caso unha progresión ascendente que non nos sorprende, xa que é a situación típica sociolingüística: a porcentaxe de falantes aumenta coa idade. Os grupos de idade máis novos falan menos galego que os máis “vellos”, aínda que en xeral o grao de competencia lingüística declarada (“moito” e “bastante”) é moi elevado.

Idade	%
5-14 anos	83,63%
15-29 anos	89,43%
30-49 anos	86,86%
50-64 anos	90,35%
65 ou máis	93,05%

Táboa 5: Persoas que saben falar en galego: “moito ou bastante”, por idades.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

A progresión inversa, isto é, decrecente atopámosla se observamos a táboa dos entrevistados que non saben falar “pouco” ou “nada” galego, os datos serán máis altos nos falantes de menor idade e reduciranse no grupo de maior idade.

Comparando os datos desta última enquisa cós do traballo de 2003 non atopamos diferencias remarcábeis. Porén o número de persoas que afirman saber falar “moito” galego baixa en xeral arre-

dor duns trece puntos, pero a cantidade de informantes que saben falar “bastante” tería subido nestes anos e por conseguinte a cifra total sería moi semellante; aínda que o retroceso no grupo de maior competencia en galego parécenos preocupante e merecedor de medidas especiais.

Idade	%
5-14 anos	16,36%
15-29 anos	10,57%
30-49 anos	13,15%
50-64 anos	9,66%
65 ou máis	6,95%

Táboa 6: Persoas que saben falar en galego: “pouco ou nada”, por idades.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

2. C) ÁMBITOS COMUNICATIVOS

Despois de vermos canta xente sabe falar galego, chega o momento de vermos cando se fala na lingua propia, en que ámbitos emprégase o galego. Deste xeito poderemos observar a saúde do bilingüismo oficial en Galicia: unha maior presenza do galego en ámbitos informais e familiares suporía, na nosa opinión, a perpetuación dun modelo clásico de diglosia, segundo o cal, a lingua galega seguiría a estar na posición de lingua B, subordinada ao castelán, coma lingua A ou variedade de prestixio social.

A enquisa aborda catro ámbitos de uso da lingua: familiar, social, laboral e educativo. Para cada ámbito os informantes dispuñan de varios niveis para xulgaren os seus usos lingüísticos: “sempre en galego”, “máis galego que castelán”, “máis castelán que galego” e “sempre en castelán”. O primeiro ámbito que abordaremos é o familiar, onde xa veremos a victoria do galego, que constitúe a lingua favorita para falar cos membros da familia.

Membro da familia	%
coa nai	42,50%
co pai	41,09%
cos avós	39,98%
cos fillos	49,03%
cos irmáns	50,61%
coa parella	50,46%

Táboa 7: Persoas que falan “sempre en galego” no ámbito familiar.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Xa anunciáramos que os resultados non proporcionarían grandes sorpresas. O uso do galego supera ao do castelán en cada un dos contextos que a enquisa estuda. Quizais resulta de interese observar que o uso do galego na parella é maior có uso na casa, cos pais por exemplo.

Pasemos agora ao chamado “ámbito social”, que o IGE dividiu en seis apartados: amigos, comercio, sanidade, ensino, administración pública e máis a banca. De todos os ámbitos o uso do galego é maior cos amigos, como era de prever: aínda un uso “non prestixioso” e diglósico da lingua. No resto dos contextos comunicativos sociais atopámonos de fronte a situacións de prestixio alto. De cinco casos, o galego vence o castelán en tres deles: falar galego cos comerciantes, co persoal da administración e nos bancos, aínda que as diferencias sexan mínimas. E mínima é a diferenza nas porcentaxes de galego e castelán para falar cos médicos: 33,57% para o galego e 33,64% para o castelán, unha situación de igualdade. Maior é porén a porcentaxe para o uso do castelán cos profesores dos fillos, case nove puntos máis (37,56%), un feito que non deixa de ser revelador da efectividade do sistema de ensino teoricamente “bilingüe” no momento da enquisa e favorábel para as dúas linguas cooficiais. Bancos e escolas son os únicos contextos nos que o castelán é máis utilizado co galego, por iso as accións da política lingüística deberían ir enfocadas cara a estas dúas áreas.

Ámbito social	%
Amigos	40,40%
Comerciantes	34,95%
Médicos	33,57%
en castelán sempre	33,64%
Cos profesores dos fillos	28,64%
en castelán sempre	37,56%
Co persoal da administración	34,67%
Co persoal da banca	35,26%

Táboa 8: Persoas que falan “sempre en galego” no ámbito social.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

O terceiro dos ámbitos estudados na “Enquisa de condicións de vida das familias” é o ámbito laboral: fálase galego no “choio”? está presente a lingua galega na xornada laboral? Unha idea xeral preliminar levaríanos a pensar que se fala castelán co xefe e galego cos compañeiros, froito dun reflexo da situación social de diglosia no mundo do traballo. En efecto fálase máis galego que castelán

cos compañeiros e ao revés no resto de casos. E se comparamos os datos referidos a “en galego sempre” e a “en castelán sempre”, a lingua propia é a máis empregada cos compañeiros e cos clientes, aínda que neste caso a diferenza é moi baixa. Prefírese falar castelán cos superiores e cos subordinados, de novo resisten restos do prexuízo da lingua “formal”, nas situacións de diferenza social.

Ámbito laboral	%
Compañeiros de traballo	36,84%
Persoal ao seu cargo <i>en castelán sempre</i>	31,49% 32,70%
Superiores <i>en castelán sempre</i>	30,99% 35,67%
Clientes <i>en castelán sempre</i>	28,27% 27,65%

Táboa 9: Persoas que falan “sempre en galego” no ámbito laboral.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

O derradeiro ámbito tratado polo Instituto Galego de Estatística neste traballo é o chamado ámbito educativo. Xa vimos que os pais prefiren o castelán para falaren cos profesores dos fillos. Analizaremos a continuación o caso dos alumnos, a lingua na que reciben as clases. Aquí vemos que os nenos reciben todas ou a maioría das clases en galego no ensino obrigatorio, até os 16 anos. No período post-obrigatorio, que comprende Bacharelato e máis estudos de formación profesional superior e universitarios, o castelán sitúase na primeira posición.

Idade	%
De 5 a 16 anos	71,87%
17 ou máis anos <i>en castelán</i>	42,29% 57,70%

Táboa 10: Persoas que reciben todas ou a maioría das clases en galego.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Non podemos tirar conclusións extremadamente positivas nin negativas destes datos. No período da educación primaria e secundaria, o uso do galego aumentou con respecto aos datos do 2003, así foi tamén no caso do ensino a partir dos 17 anos, malia o galego non superar ao castelán.

A “*questione della lingua*” no ámbito educativo é unha historia de idas e vindas, de decretos pro-

mulgados e rexeitados, de demagoxias e ideas esperpénticas. O goberno elixido tras as eleccións autonómicas de 2009, presidido por Alberto Núñez Feijoo, do Partido Popular (PP) e sucesor de Manuel Fraga como líder desta formación política, optou polo modelo do multilingüismo do ensino, rexeitando o modelo anterior, que reforzaba o uso do galego nas distintas etapas educativas e que entrara en funcionamento xa na última etapa do goberno de Fraga. Despois dunha consulta aos pais dos alumnos de ensino non universitario, a nova Xunta concluíu que

...os resultados, presentados en xullo de 2009 pola Administración educativa, puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertiron da relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés, ao lado das dúas linguas oficiais, e da aposta da sociedade galega por unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe.

(Decreto 72/2010 da Xunta de Galicia)

Co obxectivo de acadar unha competencia “plena” e “en igualdade” das dúas linguas cooficiais así como nunha lingua estranxeira, o novo *Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario* (Decreto 79/2010, de 20 de maio) abre unha nova etapa no uso do galego no ámbito educativo. O crecemento da lingua galega no período 2003-2008 que vemos na enquisa poderíase verse truncado nos próximos anos.

Aínda que queremos evitar o dramatismo, xa que non axuda á lingua, é verdade que o futuro do idioma aséntase na poboación infantil e xuvenil, que agora está exposta a “ameazas” como a ruptura da transmisión familiar da lingua e os medios de comunicación e ocio noutras linguas. O idioma está vivo entre os nenos, que poden ler e ver series de televisión en galego, mais que a lingua posúa vitalidade non é necesariamente sinónimo dunha normalización total.

2. D) A DISTRIBUCIÓN DO GALEGO

Que di a enquisa sobre a distribución xeográfica do galego? Hai sorpresas na tradicional oposición rural – urbano? Se observamos os resultados referidos aos falantes que declaran falar só en galego ou máis galego que castelán, repartidos por áreas xeográficas, veremos que a lingua galega posúe mellor saúde nas zonas rurais das provincias de

Ourense, A Coruña e Lugo, onde a porcentaxe é máis elevada e atinxe mesmo o 90% dos falantes.

Área	%
Costa da Morte	91,91%
Ourense sur	89,62%
A Coruña suroriental	89,43%
Lugo oriental	87,08%
A Mariña	81,72%

Táboa 11: Persoas que falan en galego sempre / máis galego que castelán. Distribución por comarcas.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Faremos agora o camiño inverso, é dicir, presentaremos os datos das áreas onde a porcentaxe de persoas que declararon falar só castelán ou máis castelán que galego é máis alta. Cómpre dicir que non hai grandes sorpresas: as zonas urbanas dominan neste apartado, en Vigo e na Coruña os falantes de castelán chegan aos dos terzos. As cifras son elevadas tamén nas outras zonas urbanas, como por exemplo Ferrol ou O Morrazo. Queremos resaltar que nin Lugo nin Santiago de Compostela ocupan as posicións máis altas desta táboa e serían por conseguinte as áreas urbanas máis galeguizadas, segundo os datos da enquisa.

Área	%
Área de Vigo	66,74%
Área da Coruña	64,13%
Área de Pontevedra	60,52%
Ferrol-Eume-Ortegal	59,65%
O Morrazo	49,56%
Área de Ourense	45,68%

Táboa 12: Persoas que falan en castelán sempre / máis castelán que galego. Distribución por comarcas.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

En efecto, se estudamos con máis atención os datos referidos só aos grandes concellos galegos, as nosas hipóteses quedan confirmadas: mentres que Santiago supera o 50% e Lugo e mais Ourense achegan á metade, en Ferrol a cifra de galego-falantes habituais fica por baixo do 20% e nas grandes cidades galegas –Vigo e A Coruña– a proporción representa aproximadamente un cuarto do total.

Podemos profundar na distribución xeográfica do uso da lingua galega se temos en conta as cifras referidas ao número de familias onde todos os

membros falan só en galego. Veremos que a devandita dualidade rural–galego e urbano–castelán mantense igualmente no ámbito familiar.

Concello	%
Santiago	52,17%
Lugo	47,37%
Ourense	47,16%
Pontevedra	31,57%
A Coruña	26,99%
Vigo	24,75%
Ferrol	18,51%

Táboa 13: Persoas que falan en galego sempre / máis galego que castelán. Datos dos grandes concellos.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Área	%
Ourense sur	59,18%
Costa da Morte	52,07%
A Coruña suroriental	47,73%
O Carballiño – O Ribeiro	43,64%
Pontevedra nororiental	42,15%

Táboa 14: Familias onde todos os membros falan galego. Datos por áreas.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

A continuación indicamos as áreas de menor incidencia e de menor uso do galego na familia. De novo non temos sorpresas e veremos que as áreas urbanas de Vigo e A Coruña son as zonas onde o castelán está máis presente no ámbito doméstico:

Área	%
Vigo	5,99%
A Coruña	9,43%
Pontevedra	9,82%
O Morrazo	10,87%
Ferrol – Eume	11,70%

Táboa 15: Familias onde todos os membros falan galego. Datos por áreas.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Os sociolingüistas insisten moito no estudo dos ámbitos urbanos, xa que neles xógase o porvir dun idioma. A nosa sociedade occidental camiña cara á urbanización total, de o galego ficar á marxe deste proceso social e demográfico, as consecuencias non serían leves. Por iso, en palabras de autores

como Gabriel Rei-Doval, agora hase de intervir con coherencia e compromiso para frear o retroceso do galego nas cidades galegas: “O galego segue presente, en certa medida, en tódalas cidades do país. É evidente que estamos nun momento crucial, no que a recuperación do galego urbano é aínda posible.” (Rei-Doval 2007: 449)

3. ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA ENQUIISA...

En xeral podemos dicir que, grazas aos datos obtidos na análise da Enquisa de condicións de vida das familias (2010), o galego é unha lingua coñecida por case toda a poboación galega, aínda que o seu uso efectivo e real sexa máis baixo. Como en todos os procesos sociais, se comparamos os datos de 2008 cós de 2003 veremos que hai uns aspectos que empeoran e outros que melloran. Empeora, por exemplo, a cifra de informantes que afirman saber falar galego “moito”, mais aumenta a dos que din sabelo falar “bastante”.

Ano	Moito	Bastante
2008	54,13%	35,02%
2003	67,94%	21,63%

Táboa 16: Evolución da cifra dos informantes que din saber falar galego “moito” ou “bastante”.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

Se deixamos o nivel da competencia lingüística e botamos unha ollada ao uso da lingua, veremos que os que falan sempre o galego son menos na enquisa de 2008 que na de 2003, mentres que crece a cantidade de xente que declara falar máis galego que castelán. De novo as dúas cifras compénsanse, aínda que sería desexable un crecemento da cifra dos falantes preferentemente en galego, xa que na situación específica de bilingüismo social na que se atopa Galicia, o crecemento de uso de castelán será rápido se non se toman –e se cumpren– as medias de normalización lingüística necesarias. En efecto, o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato fala da “tendencia xeral á diminución do uso do galego, mais tamén de este conservar a condición de lingua maioritaria” (Freixeiro Mato 2010: 23). O grupo de falantes de galego é o maioritario na sociedade galega máis “baixa lixeiramente en todos os tipos de hábitats e en todos os usos familiares” (*ibid.*: 23)

Ano	Moito	Bastante
2008	54,13%	35,02%
2003	67,94%	21,63%

Táboa 17: Evolución da cifra dos informantes que din saber falar galego “moito” ou “bastante”.

Elaboración propia, datos tirados da “Enquisa de condicións de vida das familias”, do IGE

No intre comprendido entre as dúas enquisas, en 2006, aprobouse o Plan Xeral de Normalización Lingüística, no que se insistía na necesidade de estender o uso da lingua, superar o complexo da vida rural e ampliar a presenza en todos os sectores sociais. Agora ben, o cambio de goberno na Xunta en 2009, podería significar cambios sustanciais no xeito de enfocar as necesidades da lingua galega, que debe superar o complexo de inferioridade, cambios que probablemente veremos reflectidos en futuras enquisas sociolóxicas.

¿Queda espazo para unha lingua que sobreviviu amparada no illamento da vida rural e da vida familiar? A situación é incerta, pero, para sermos exactos, cómpre recoñecer que Galicia reaccionou e reactivou un novo sentimento de orgullo, superando vellos complexos. O galego hoxe xa non é unha lingua exclusivamente rural, doméstica e informal [...] Cómpre aumentar esta presenza, facela normal e útil, ou o que é o mesmo, estender o uso da lingua propia de Galicia a todos os niveis da sociedade. (PXNL 2006: 7)

Outra das reflexións que queremos propoñer nestas páxinas é o feito de o galego ter unha ampla vitalidade na sociedade hoxe, o que debería ser a base dun optimismo para facer fronte aos desafíos dos anos vindeiros. A chamada “competencia pasiva” é un arma de dobre fío para a saúde da lingua. Saber falar mais non querer falar é unha situación típica nos contextos de diglosia: “Hai persoas en Galicia que non falan nunca galego, pero que poderían falalo se quixesen. Esta é unha realidade moi peculiar do caso galego” (PXNL 2006: 8). O fenómeno psicolingüístico que produce esta ocultación da lingua non esvaece se a lingua segue a recibir un tratamento de segunda división.

É posíbel garantir o futuro do galego nos diferentes ámbitos na época da globalización? En opinión de Henrique Monteagudo a solución de futuro para idiomas como o galego debería lograr que o conxunto da sociedade galega “deberá ser plenamente bilingüe (isto é, produtivo: con capacidade

para falar, ler e escribir fluidamente” (Monteagudo 2009: 55). Para deter o proceso de substitución lingüística, Xosé Ramón Freixeiro afirma que “non resulta suficiente con parar a perda de falantes, tamén cómpre frear o proceso de castelanización das estruturas internas e restituír a calidade da lingua” (Freixeiro Mato 2010: 32). Segundo este autor existe un perigo evidente de disolución progresiva do idioma no castelán, un camiño sen retorno posíbel. Para iso a presenza do galego no ensino é unha condición *sine qua non* e habería de ser un punto fóra da discusión entre os partidos políticos galegos.

Intimamente ligado aos aspectos anteriores insistimos na necesidade de vencer os prexuízos ligados á lingua e que provocan que moitos galegos prefiran non falar na lingua propia: “A lingua galega ten como inimigos os prexuízos dalgúns falantes, por exemplo, o galego é a lingua da aldea, falar galego é de esquerdas, os que defenden o

galego son nacionalistas” (Muñoz Carrobles 2009: 75). Ou, noutras palabras: “¿Tú que eres, del Bloque, de la aldea, escritor o profesor?” (Costas 2009: 26), é dicir, a lingua asóciase ao nacionalismo galego, ao mundo rural, educativo ou cultural, fóra deses ámbitos, o galego é un corpo estraño e a esta sensación colaboran os prexuízos que moitos galegos, malia seren capaces de falar en galego, estenden e alimentan.

En conclusión, a elaboración dunha enquisa como a que nos ocupa constitúe un instrumento precioso para valorar o estado da lingua. Se utilizamos o símil médico, a enquisa sobre “Coñecemento e uso do galego” serve, primeiro, para facer un diagnóstico e, despois, procurar un tratamento. A boa saúde da lingua galega debe certificarse coa súa normalización en todos os ámbitos sociais e xeográficos, con especial atención ao seu uso nas cidades e á súa conservación no currículo do ensino obrigatorio.

4. BIBLIOGRAFÍA

COSTAS, Xosé-Henrique (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Laiovento.

FREIXEIRO MATO, X. R. (2010): “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”, en Sanmartín Rei, G. (coord.), *Lingua e futuro*. Ames: Laiovento.

MONTEAGUDO, Henrique (2009): *As razóns do galego. Apelo á cidadanía*. Vigo: Galaxia.

MUÑOZ CARROBLES, D. (2009): “Breve crónica sobre o proceso de normalización e a situación social da lingua galega”, en *Madrygal. Revista de estudos gallegos*. Núm. 12, pp. 67-77.

REI-DOVAL, Gabriel (2007): *A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística*. Vigo: Xerais.

XUNTA DE GALICIA (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

——— (2010): *Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario*.